

ESCENA PARA TODAS

Para que vou querer ler teatro?



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal



Deputación
DA CORUÑA

AGRADECIMENTOS:



centro
dramático
galego



Introdución: Para que ler teatro?

É posible que non coñezamos o teatro alén daqueles títulos que temos que memorizar para poder completar o estudo da historia da literatura dunha determinada cultura. Se este é o caso, estamos nunha situación crítica.

O teatro (ver a primeira edición deste proxecto interdisciplinar de Escena para todas) non só é un texto, non só é un elenco de actores e actrices e non só é unha experiencia única que non importa cantas veces presenciemos, sempre será diferente porque tamén nós somos diferentes. O teatro é un xeito de comprender a vida sen medo ás consecuencias que vivir certos momentos pode ter directamente sobre nós. É un xeito de aprehender e de experimentar. É o máis real dos elementos culturais que vivimos a través da literatura. E tamén é moito máis que a suma das súas partes.

Porén non sempre é posible representar todas as obras teatrais escritas. Ás veces porque simplemente a o texto dramaturxico non chega a encarnarse sobre as táboas. Outras porque malia termos a sorte de que unha compañía a represente non temos a oportunidade de ir a esa representación. Pero a obra, malia todo, pervive e pode aprendernos.

Por certo, empecemos cos números. Investiguemos e sexamos críticas e críticos (do emprego da cultura, que para ser críticas e críticos de teatro xa nos ha chegar o tempo).

Propoñémosvos a seguinte actividade: investigade a cantas representacións teatrais poderíades asistir durante un ano da vosa vida. Ou mellor, durante un curso escolar. Podedes facelo a través dunha ficha pescudando as seguintes cuestións:

NOME DA LOCALIDADE ONDE VIVIDES:

CONCELLO AO QUE PERTENCE:

PROVINCIA:

AUDITORIO OU CENTRO SOCIOCULTURAL MÁIS PRÓXIMO ONDE SE REPRESENTEN OBRAS TEATRAIS:

NÚMERO DE OBRAS TEATRAIS REPRESENTADAS DURANTE O ÚLTIMO ANO NATURAL:

DESAS OBRAS, NÚMERO DE PASES DE CADA UNHA DELAS:

Lede a sinopse desas obras e seleccionade cal ou cales delas quereríades ir ver. Por que son esas? Pola temática? Pola estética? Polo elenco? Porque vos chama atención o título?

Esta investigación preliminar permítenos xogar un pouco coas matemáticas da cultura e do teatro. Investigade agora o número de habitantes que ten a vosa localidade e comparádeo co aforo de espectadoras e espectadores que ten o auditorio máis próximo.

Cantos pases como mínimo tería que realizar unha compañía de teatro para garantir que a metade, polo menos, dos habitantes da vosa localidade gozase da obra?

E agora establece un pequeno diálogo entre o teatro e a sociedade.

Sede francos (isto ten moita relevancia... xa veredes o porqué máis tarde) e contestade ás seguintes preguntas:

Dos títulos das obras que se representaron na túa localidade (ou preto dela se na túa non houbo ningunha representación durante un ano), cales che pareceron máis interesantes?

Que cres que tería que tratar unha obra de teatro para que te animase a ir ver de que vai isto do teatro? Que tería que ter para que te arriscases a ir e vivir o teatro? (Non vale dicir que suba a nota de Lingua galega).



► PASO 1: LER TEATRO.

Entón, por que ler teatro?

Hai dúas respostas rápidas para solucionar esta pregunta: porque é divertido e porque pasamos a vida lendo teatro.

Non me credes? Vale, pois imos darlle unha volta.

Tede en conta o seguinte texto da obra *Só un home bo* de Raúl Dans (Edicións Positivas, 2020).

MANUEL: Estaba traballando ma miña tradución de Edipo Rei. Matinaba no título. Outra vez. (Sorrí con amargura.) En realidade debería chamarse Edipo Tirano. Esa sería a tradución literal. Pero tradúcese sempre como Edipo Rei porque co transcurso do tempo a palabra tirano adquiriu unhas connotacións moi diferentes ás que tiña cando Sófocles redactou a súa traxedia. Edipo no fondo non era un mal gobernante. Era un home xusto e honesto, amaba o seu pobo. Podía equivocarse, coma calquera outro home, pero no fondo era un home bo. Non é esa a idea que temos hoxe dun tirano. E despois está esoutra banalización do termo. Calquera que trate hoxe de impoñerlles unhas normas mínimas a aqueles sobre os que ten algún tipo de potestade... un alumno, un fillo..., calquera cun pouco de sentido común pode ser tachado de tirano na actualidade de maneira totalmente inxustificada. (Bebe.) Que opinas ti?

IRIS: A min tanto me ten.

MANUEL: Non obstante, entendes a diferenza, verdade? Entre un verdadeiro tirano e alguén que ama os seus súbditos e sabe que é o mellor para eles. Captas os matices, non si?

IRIS: Eu só sei que ti mandas e eu obedezo.

MANUEL: En fin, é igual. Vouna deixar, así que problema resolto. Na vida hai que saber asumir os fracasos, e creo que chegou o momento de asumir o meu como tradutor. Pero non importa. Eu xa teño todo o que un home pode desexar: un traballo que me gusta, unha familia que me quere e á que quero con loucura...

.....

MANUEL: Ves aquelas dúas estrelas? (Manuel mira a Iris.) Velas?

IRIS: Si.

MANUEL: Non son estrelas en realidade. Son planetas.

IRIS: Xa o sei.

MANUEL: Sabíalo?

IRIS: Ti contáchesmo. Cando era nena. Que as estrelas que non pestanexaban non eran estrelas, eran planetas. Esas non pestanexan.

MANUEL: Vaia, pensei que non te lembrabas de nada de cando eras nena.

IRIS: Diso lémbrome.

MANUEL: E lémbreste dos seus nomes?

IRIS: Venus?

MANUEL: Si, Venus é unha delas, a que se ve máis grande e brillante, o primeiro luceiro da noite e o último da mañá. Chamáronlle Venus pola súa beleza. Venus era a deusa do amor. E a outra? Sabes cal é a que está ao seu carón?

IRIS: Non.

MANUEL: Xúpiter. É o planeta máis grande do noso sistema solar, por iso lle puxeron o nome do pai de todos os deuses. Vese máis pequeno porque está moito máis afastado de nós, pero en realidade é moitas veces meirande ca Venus. Todos os nomes dos planetas proceden de deuses da mitoloxía grega e romana. Coma o teu, xa o sabes. Iris, a mensaxeira dos deuses, coas súas sandalias aladas para desprazarse con rapidez e un bastón símbolo da paz. Ela anuncia a fin da tormenta, velaí o arco iris. En ocasións tamén leva un xerro de auga para encher as nubes e que chova, ás veces aparece conducindo as almas dos mortos ao inframundo. Eurípides, o escritor, atribúelle a Iris a orixe da loucura de Heracles que o levou a matar a muller e os fillos. Iso contáracho? (Iris encóllese de ombros.) Unha deusa fiel, Iris, sempre aos pés de Hera, a esposa de Xúpiter. Xúpiter era un Casanova. Hera sufría moito pola súa causa. Gustábanlle as mulleres, a ambrosía... Pero a súa maior diversión era intervenir nas vidas dos humanos. Gozaba coma un

nenos con iso. E os outros deuses igual. Nin imaxinas todas as falcatuadas que lle fixeron a Ulises durante o seu regreso a Ítaca despois da guerra de Troia. Era a súa forma de divertirse. Gustáballes rir, eran capaces de sentir desexo e rancor, filias e fobias. Eran divindades, si, pero tiñan todas esas calidades que os asemellaban aos mortais. Así foi como os crearon os homes daquela extraordinaria civilización. Porque son os homes os que crean os deuses, non ao revés. E aqueles homes sabios crearon deuses á súa imaxe e semellanza, cheos de defectos e contradicións. Non o fixeron así por azar, sabían moi ben o que facían. Aquilo tiña un significado. Era a expresión dunha inquietude, unha declaración solemne sobre a debilidade do ser humano, era o home implorándolles aos seus semellantes... E sabes cal era a súa súplica?

IRIS: Non.

MANUEL: Non me pidades que sexa mellor que os propios deuses.

Agora que o lestes imaxinade que non é un texto teatral, que é unha conversa de WhatsApp. Que lle falta? Probablemente diredes que iconas ou stickers. Cales empregariades?

Hai algunha sección que enviariades coma audio en lugar de ser texto nun chat, para comunicarvos mellor? Incluíde as emoticonas no texto anterior e seleccionade cun subliñador de cor as partes que fariades como audios.

Pois aí está a historia de ler teatro. No fondo pasamos o día a ler teatro, a comunicarnos como se fosemos teatro. Abrimos un libro cun texto dramático e ponnos medo pensar que non imos entender o que anda a pasar cando levamos todo o día lendo chats persoais e de grupo que, no fondo, non son máis que diálogos. O noso cerebro está afeito a entender a linguaxe dramática moito mellor que os longos parágrafos coma este.



► PASO 2: ESCRIBIR TEATRO.

Pois xa non queda nada máis. É dicir, agora que xa vos recoñecedes como lectoras e lectores expertos en teatro, o que queda é escribir teatro. O ideal é ir buscando uns cantos libros con obras de teatro para ir collendo ritmo e aprendendo das acoutacións (que teñen algo similar ás iconas ás veces) e dos diálogos, pero podemos ir empezando...

Poñédevos en parellas e collede un só papel. Agora pensade nunha escena.

Unha escena é a parte indivisible da acción dunha obra. O feito que xa non se pode cortar e que forma unha unidade de acción que mesmo podería ser contada sen o resto da obra. Se as historias están feitas de historias, se unha obra de teatro é unha integración de historias que se suman, se solapan ou acompasan para ofrecer unha certa visión xeral, unha escena é a unidade mínima para contar. Pode lerse como a historia que queda entre dous puntos e a parte nunha narración ou como o punto entre dous xiros de avance dunha historia. Unha escena, para o espectador, é o punto de referencia mínimo para ir sumando elementos a unha historia, como o tramo dun percorrido que se fai recoñecible e no que os elementos actúan en conxunto.

Cada un de vós escribirá o diálogo de dous personaxes nesa escena. Facédeo como se fose un chat. Non vos miredes aos ollos, non faledes coa voz, escribide todo no papel. Empeza unha, dallo ao outro que responde á primeira liña de texto, despois a primeira volve responder... e así, sen controlar a reacción da outra personaxe, só a través do texto, ide mirando cara onde camiñades.

Xa tedes obra dramática. Agora só queda mellorar e conseguir que un par de actores e actrices lle dean carne ao asunto da dramaturxia.

Velaquí tedes a testemuña dun deles, a ver se estades ou non de acordo.





asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

Escena para todas é un proxecto da AELG
creado co amparo da Deputación d'A Coruña.
Proposta didáctica de Anna R. Figueiredo e Camilo Franco.
Ilustración da páxina 1 de Cuspindo Tinta.
Maquetación de Beatriz Pereira.